

Museos e arquivos

Museo do Pobo Galego


O Museo do Pobo Galego, como museo antropolóxico, da identidade galega, tenta ser un museo próximo, da vida diaria e cotiá dos galegos; que recolle, conserva e mostra as manifestacións da cultura espiritual e material desta comunidade diferenciada; un lugar onde a nosa cultura colectiva se fai presente como conxunto ordenado. Relaciona as diversas manifestacións humanas da Galiza, aínda que se é consciente de que é imposible pechar dentro dun espazo físico a complexidade do fenómeno cultural galego e da súa diversidade.

O Museo do Pobo Galego nace no ano 1976 por iniciativa dun conxunto de institucións e persoas preocupadas pola nosa cultura. Retomaron a idea do *Seminario de Estudos Galegos* do 1923 de crear un *Museo de Etnografía Nacional*. Constituíuse como unha institución formada polo Padroado, a Xunta Rectora e o Corpo Técnico. Non se pode esquecer á figura do socio, xa que tanto a través das súas colaboracións persoais como das achegas económicas e museográficas doadas, conforma unha parte fundamental dos medios con que a entidade conta para desenvolver a súa actividade, constituíndose como garantía esencial da actividade e independen-



cia do Museo; por iso os socios teñen representación electiva no Padroado e na Xunta Rectora.

O Museo inaugúrase no 1977 sendo presidente do Padroado don Xaquín Lorenzo Fernández e director da institución don Antonio Fraguas Fraguas. Está emprazado no antigo *Convento de San Domingos de Bonaval*. A fundación do edificio atribúeselle a San Domingos de Guzmán no 1219, momento no que peregrinou a Galiza. A igrexa, dos séculos XIII e XV, é un exemplo interesante do gótico mendicante e alberga dende 1891 o Panteón de Galegos Ilustres. No 1623 a comunidade encarga a renovación do edificio conventual a Leonel de Avalor, a quen sucede, baixo o arcebispado de Frei Antonio de Monroy (1685-1715), Domingo de Andrade que deu conta do seu virtuosismo como arquitecto nas fachadas do convento e da igrexa, parte do claustro xa iniciado, na triple escaleira helicoidal... Coa promulgación da *Lei de Mendizábal* o convento pasa a mans do Concello de Santiago, en cumprimento do Real Decreto de 1836 da Raíña Gobernadora, destinándoo a cuarteis coa demolición da igrexa, pero este dictame non se chegou a executar e no 1841 o Concello destina o convento a hospicio. Xunto coa horta anexa, o antigo convento foi o primeiro edificio compostelán declarado monumento histórico artístico no 1912. Anos máis tarde instálase unha casa de beneficencia rexida polas Fillas da Caridade; polo 1945 o hospicio ocupaba a parte norte, mentres que ao sur acollíase un colexio de cegos e xordomudos. Ó seren suprimidas estas institucións ficou desocupado ata que no 1963 o Concello decide acondicionar e destinar unha parte das dependencias para Museo Municipal, mentres que o extremo sur foi cedido a unha comunidade de relixiosas que mantiveron un colexio de infantil case ata a actualidade. No 1976 o Padroado do Museo do Pobo Galego solicita a cesión das dependencias conventuais ao Concello, que accederían ao ano seguinte. Dende ese momento o Padroado realiza as obras de restauración e rehabilitación que garantisen a nova función asignada ó Museo.



O Museo conta con salas permanentes que tentan dar unha visión comprensiva do proceso de produción da cultura material galega, formando conxuntos coherentes de pezas coa súa información gráfica e documental, integradas dun xeito que poida conducir cara a unha comprensión global do ser galego.

A **Sala do Mar**, representativa da forte relación da nosa terra co mar e da fonda tradición mariñeira.

A **Sala do Campo**. Sábese que a agricultura foi un dos medios de vida fundamentais da economía galega e condicionou o folclore, a arquitectura, a arte popular.

As **Salas dos Oficios**, urbanos e rurais. Os oficios aquí representados poden semellar afastados no tempo pero, ao achegarse ás feiras populares actuais, xunto ás innovacións da sociedade de consumo, encontrase aínda nestes lugares aos superviventes da economía familiar tradicional.

A **Sala do Traxe e do Encaixe**. O traxe sérvenos como medio de comunicación cos demais, a través da vestimenta damos unha información valiosísima de nós mesmos e da nosa cultura.

A **Sala da Música**, dedícase ás manifestacións musicais que acompañan a vida das persoas, dende que nacen, nas festas e no traballo, marcando o ritmo da vida cotiá; conta cun sistema dixital que nos permite escoitar os sons e as melodías máis representativas da música galega.

A **Sala da Arquitectura**, onde se mostran todos os tipos de intervencións humanas no seu entorno. En breve inaugurarase unha nova sala.

A **Sala de Antropoloxía**, dedicada á vida espiritual, as crenzas, a distribución do tempo, as festas, o ocio...

O Museo do Pobo Galego é un espazo vivo que

non queda só na exposición obxectual senón que dispón dunha ampla oferta de actividades e servizos. As instalacións do Museo veñen acollendo dende os comezos actos de moi variada índole, organizados por institucións e entidades diversas. A colaboración con institucións científicas tradúcese na organización periódica de congresos e coloquios para propiciar o estudo da cultura galega e o intercambio de información e experiencias entre os investigadores. Dende 1996 lévanse a cabo os encontros sobre **O Feito Diferencial Galego**, cos que se pretende crear un ámbito de debate sobre os diversos aspectos da identidade galega.



AFAMADAS ESCALEIRAS INTERIORES DO MUSEO DA AUTORÍA DE DOMINGO DE ANDRADE

Na actualidade; baixo os auspicios da Fundación Antonio Fraguas, convócase anualmente o *Premio Proxecto didáctico Antonio Fraguas*, pretende alentar entre a comunidade escolar un traballo sistemático orientado á educación patrimonial, ao coñecemento do medio e á posta en valor dos diversos elementos do noso acervo cultural.

O labor divulgativo levado a cabo polo Museo proxéctase a través das publicacións propias como son os *Cadernos do Museo do Pobo Galego*, os *Manuais do Museo do Pobo Galego*, *Alicerces*, que é unha colección que tenta recuperar textos antigamente editados e de difícil acceso, actas de congresos, catálogos de exposicións, folletos, materias didácticos...

Entre os servizos que o Museo ofrece cabe destacar a **Biblioteca** que posúe perto de cen mil volumes referentes á cultura galega e a museoloxía. Está integrada por dúas seccións diferentes: *a biblioteca central*, nutrida de compras, intercambios institucionais e pequenas doazóns, e *as bibliotecas privadas* e os arquivos persoais de Manuel Beiras, Bouza Brey, Antonio Fraguas, Xaquín Lorenzo, Rodríguez Fraíz e Taboada Chivite.

Outro departamento é o de **Conservación** que se ocupa da recollida e catalogación dos fondos, informa sobre eles e xestiona a organización das exposicións tanto permanentes coma temporais.

Outros dos servizos é o **Departamento de Educación e Acción Cultural**, que presta os servizos de asesoramento e oferta de recursos didácticos así como de atención ao público, co programa de visitas monitorizadas e diferentes actividades culturais.

O traballo que se realizou sobre a pesca no 1992 serviu de base para iniciar a **Videoteca**; os vídeos elaborados polo Museo teñen sido emitidos en diversos encontros audiovisuais e programas de televisión. O fondo de materiais audiovisuais funciona cun servizo de préstamo a centros escolares e entidades culturais con fins didácticos e de divulgación.

VERÓNICA MARTÍNEZ DELGADO

Museo do Pobo Galego